



## Boletín Informativo

### PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA PARA ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA

O próximo 13 de abril remata o prazo de presentación de solicitudes para participar no programa de inmersión en lingua inglesa. Os gastos derivados da posta en marcha deste programa serán financiados na súa totalidade pola Consellería

de Educación e Ordenación Universitaria e polo Ministerio de Educación e Ciencia. A Galicia correspóndenlle 15 grupos de 25 alumnos/as (375 alumnos/as) de 6º de primaria. Cada grupo irá acompañado por un ou dous docentes. As activida-

des levaranse a cabo entre os meses de outubro e novembro de 2007.

[BOE nº 54](#)

### ACTIVIDADES FORMATIVAS DE INGLÉS, FRANCÉS, ALEMÁN, PORTUGUÉS E DE EDUCACIÓN FÍSICA

No [DOG nº 65](#) do luns 2 de abril sae publicada a orde do 23 de marzo de 2007 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, e portugués e de educación

física para o curso 2007/2008, destinadas a profesorado de centros públicos que imparte docencia en niveis non universitarios. Poderán solicitar dous tipos de actividade:

curso e intercambios. O prazo de presentación da solicitude será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG.

### TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA MAIORES DE 18 ANOS

No [DOG nº 59](#) do venres 23 de marzo sae publicada a resolución do 15 de marzo de 2007 pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos

nas convocatorias de xuño e de setembro. Os prazos de matrícula serán do 15 ao 25 de maio para a proba de xuño e, para a de setembro, do 3 ao 5. As probas celebraranse en sesión de mañá e tarde os días 15 de

xuño e 11 de setembro para as respectivas convocatorias.

### PROGRAMA AUDIOVISUAL NAS AULAS

O Consorcio Audiovisual de Galicia invita este ano a máis de 2.000 escolares a ver longametraxes galegas nas salas da nosa Comunidade no presente curso. Os filmes que se ofertan, seleccionados polo profesorado de cada centro e facilita-

dos polo CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe), son: *O lapis do carpinteiro*, *O agasallo de Silvia*, *13 badaladas*, *A lei da fronteira*, *Romasanta*, *A vida que che espera*, *León e Olvido* e *O soño dunha noite de San Xoán*. [Ler máis.](#)



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n  
15781  
Santiago de Compostela

Correo: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)

#### Contido:

Programa de inmersión lingüística para alumnado de 6º de primaria	1
Actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de educación física	1
Título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos	1
Programa audiovisual nas aulas	1
O deporte na escola, actividade deportiva cultural	2
Bolsas de axudas para alumnado universitario galego	2
Axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnado	2

**Portal Galego de  
Contidos Educativos**

<http://www.edu.xunta.es/contidos>



**O DEPORTE NA ESCOLA, ACTIVIDADE  
POLIDEPORTIVO-CULTURAL**

Máis de 4.000 estudantes participan nas actividades de deporte organizadas polas Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Cultura e Deporte. Un dos programas deportivos é o Polideportivo-Cultural, en que cada centro

inscribe os seus equipos de ata 20 participantes. Para o alumnado de bacharelato, a actividade específica son os deportes na natureza, entre os que se inclúen disciplinas coma o bádminton, o baloncesto o balonmán, o fútbol sala, o voleibol, o

xadrez, os xogos culturais, o atletismo e a natación.

[Máis información.](#)

**Plan Galego de Convivencia**

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



**BOLSAS DE AXUDAS PARA ALUMNADO UNIVERSITARIO  
GALEGO**

No [DOG nº 63](#) do xoves 29 de marzo de 2007 sae publicada a orde do 15 de marzo de 2007 pola que se convocan bolsas para o alumnado universitario galego, descendente de galegos ou con residencia fami-

liar en Galicia que por causas imprevistas teña dificultade para continuar estudos. O importe anual de cada bolsa poderá ser como máximo de 5.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes abranguerá des-

de o día seguinte ao da publicación no DOG ata o día 13 de xuño de 2007.

Polo Monte. Plan piloto 2007

<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Unha das accións principais do Plan piloto 2007



**AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS  
CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS PAIS DE ALUMNADO**

No [DOG nº 68](#) do 27 de marzo convócanse axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais e nais de alumnado e das asociacións de pais e nais de alumnado de centros de

educación especial para o ano 2007. Poderanas solicitar aquelas que, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

**Rede de Centros Bilingües**

[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)

